

EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28/10/2024

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
CARLOS COIRA LOJO
DIEGO GARCIA SANTIAGO
LINO MOURIÑO SANTIAGO
PAOLA MARIA MOCHALES
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
SONIA OUTÓN CASAL

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 28/10/2024 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 21 de outubro de 2024, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/4067

Dase conta do escrito presentado por Maderas J Redondo SL solicitando o traslado do sinal existente na intersección das Rúas Pablo Picasso e Valle Inclán, de prohibición de paso de camiños de más de 12 Tm. en sentido ao centro da cidade, pasando da súa ubicación actual á rotonda situada diante das instalacións da citada Empresa, co fin de permitir o acceso á mesma. Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se complemento o sinal situado mediante colocación dunha placa complementaria coa lenda "en circulación".

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Alvaro).

PRP2024/4085

Dáse conta de proposta da Policía Local de sinalización vertical e horizontal na intersección da Rúa Carballos con Rúa Real.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte sinalización:

- Sinalización, tanto vertical como horizontal, de STOP na intersección da Rúa Carballos con rúa Real, así como na bifurcación da citada Rúa Real.
- Sinalización con redutores de velocidade na Rúa Carballos, posto que hai tramos onde os vehículos, debido á pendente, superan a velocidade establecida, asemade hai unha zona de vivendas e marquesiña de bus que carecen de beirarrúas.

Dar Conta ao Enxeñeiro Municipal para a súa inclusión no proxecto de redutores de velocidade, Policía Local e Servizo de Sinalización (Alvaro).

PRP2024/4097

Dáse conta de informe da Policía Local no que indican de que o circo EVOLUTION que está montado no estacionamiento de Rúa JOSÉ MARÍA RIVERO DE AGUILAR concretamente na zona comprendida entre a rúa e o paseo marítimo da praia de A CONCHA denominado coma "ESTACIONAMENTO DO RAMAL", presenta as seguintes deficiencias:

- 1 .- Dispon dunha carpeta que está suxeita a través dunhas eslingas a unhas piquetas espetadas nuns orificios realizados no pavimento de aglomerado asfáltico.
- 2 .- Dispon dunhas mamparas de peche de recinto fixadas con parafusos ao pavimento de aglomerado asfáltico.

3 .- Dispon dunha toma de auga cunha mangueira que atravesa o paseo marítimo dende o peirado do Ramal, sen asegurar nin sinalizar.

4 .- Dispon dunha canalización con mangueiras, presumiblemente de augas fecais, cara a tragante de augas pluviais que existe na contorna.

A Xunta de Goberno Local acorda requirir a CIRCO GLOBAL (CULTURINVEST) para que corrixa de inmediato as deficiencias indicadas, xa que, en caso contrario se procedará a abrir o expediente sancionador correspondente.

PRP2024/4103

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa CESAR PAZ SL para recolocado da tella no tellado da Casa do Concello, por un importe total de 47.000,03 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.63200.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4104

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa CESAR PAZ SL para formación de catas (4 dus) na zona de sumidoiros da cuberta da Casa do Concello para verificar a orixe de filtracións, por un importe total de 1.936,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4105

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 21 de novembro de 1997, aprobou o seguinte:

- Que continúe chamándose a Rúa Amelxeiras, a rúa que pasa por dentro da Urbanización Miramar.
- Rúa da Revenida, a rúa que vai por diante do parque Dona Concha e o Centro Social da Xunta de Galicia.
- Rúa Ramiro del Rio “Cañotas” á 2a Travesía da Praza de Rafael Pazos, entre esa praza e a Rúa Saralegui.

Polo servizio do Padrón de Habitantes, se indicou que a placa indicativa da Rúa Ramiro del Rio “Cañotas” está mal colocada, pois atopase na Travesía Rafael Pazos 1a e non na Travesía Rafael Pazos 2a como sería o correcto, polo tanto as placas das rúas deben quedar colocadas do seguinte xeito:

- A placa da Rúa Ramiro del Rio “Cañotas” colócala na Travesía Rafael Pazos 2^a.
- A placa da Travesía Rafael Pazos 1º se debe colocar onde esta a placa de Ramiro del Rio “Cañotas”, coa seguinte nomenclatura, Travesía Rafael Pazos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o cambio das placas de sinalización indicado.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Alvaro).

PRP2024/4107

Tendo coñecemento o Concello das reiteradas queixas dos veciños e veciñas de Bamio polo mal estado da PO-192, e que está ocasionando molestias en distintos treitos da estrada, ao seu paso por Bamio, e dado que a citada estrada é de titularidade da Xunta de Galicia, a Xunta de Goberno Local acorda dar traslado á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da situación actual da estrada para que procedan á súa reparación.

PRP2024/4108

Dáse conta de proposta do Servizo de Alumeado Público, en relación co estado no que se atopa o portal do baixo do Auditorio Municipal, que da acceso aos departamentos de Parques e

Xardíns, Medio Ambiente e Electricidade.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. José L. Lorenzo Amosa, para a substitución do portal, por un importe total de 2.758,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.63200.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio fazer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4109

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público en relación coa necesidade de reposición da mesa de luces do Auditorio Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por DIPETRINTA SL para subministro de mesa de luces para o Auditorio Municipal, 15 PC e 15 Par, por un importe total de 17.962,45 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.62300. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio fazer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4110

Dáse conta de liquidación de taxas por extinción de incendio dun colector da Avda. de Cambados, remitido pola ORAL, por un importe total de 179,00 €.

A Xunta de Goberno Local acorda remitir a citada liquidación a URBASER SAU para que proceda ao seu aboamento, por selo empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo.

PRP2024/4113

Dáse conta da sinatura de convenio entre a mercantil Mercadona SA e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a cesión gratuita, a coste cero, do uso e disfrute dun terreo onde se atopa o yacemento arqueolóxico, cunha superficie de 1016,00 m² situado na parcela con referencia catastral 906017NH1196S0001JJ denominada "Agro de Viveiros".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/4190

Dáse conta de proposta da Unión de Profesionales y Trabajadores Autónomos - UPTA, concretamente do subsector constituído pola producción de moluscos bivalvos en parques de cultivo, explotados mediante concesión administrativa, indicando que consideran que o Réxime Especial de agricultura e pesca do IVE debe convivir co Réxime de estimación obxectiva ou módulos do IRPF.

Así, no caso de que se aborden as reformas tendentes á desaparición dos módulos, este réxime de estimación obxectiva de rendemento neto do IRPF debe permanecer vixente para as actividades do sector primario, e especialmente para: A producción de bivalvos en parques de cultivo de moluscos sempre que a súa explotación se realice mediante concesión administrativa e ditas actividades tributen en IVE mediante o Réxime especial de agricultura, gandería e pesca.

A Xunta de Goberno Local apoia e respalda a reivindicación da Unión de Profesionales y Trabajadores Autónomos - UPTA.

RECURSOS HUMANOS

PRP2024/4039

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de setembro de 2024, por un importe total de 7.000,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO

| PLENOS E XGL | COMISIÓNS | MESA CONTRATACIÓN XERENCIA | TOTAL EUROS |
|--------------|-----------|----------------------------|-------------|
|--------------|-----------|----------------------------|-------------|

| | | INFORMATIVAS | | URBANISMO | | | |
|------------------------------------|--------|--------------|--------|------------|--------|-----------|-----------|
| Nº sesións | DIETAS | Nº sesións | DIETAS | Nº sesións | DIETAS | | |
| D. LINO MOURIÑO SANTIAGO | 6 | x 150,00 € | 1 | x 125,00 € | 1 | x 50,00 € | 1075,00 € |
| D. CARLOS COIRA LOJO | 6 | x 150,00 € | 1 | x 125,00 € | 1 | x 50,00 € | 1075,00 € |
| D. DIEGO GARCIA SANTIAGO | 6 | x 150,00 € | 1 | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 1025,00 € |
| Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ | 6 | x 150,00 € | 1 | x 125,00 € | 1 | x 50,00 € | 1075,00 € |
| D. JUAN ANDRES BAYON ROLO | --- | x 150,00 € | --- | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 0,00 € |
| Dª Mª ELENA SUAREZ SARMIENTO | 1 | x 150,00 € | 1 | x 125,00 € | 2 | x 50,00 € | 375,00 € |
| D. JESUS REY RODRIGUEZ | 1 | x 150,00 € | 1 | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 275,00 € |
| D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO | 1 | x 150,00 € | 1 | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 275,00 € |
| D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ | --- | x 150,00 € | --- | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 0,00 € |
| Dª MARTA MARÍA FERRADANS PADIN | 1 | x 150,00 € | 1 | x 125,00 € | 1 | x 50,00 € | 325,00 € |
| D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO | 1 | x 150,00 € | 1 | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 275,00 € |
| D. JULIO VARELA CARDALDA | 1 | x 150,00 € | 1 | x 125,00 € | --- | x 50,00 € | 275,00 € |
| D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ | 1 | x 150,00 € | --- | x 125,00 € | 2 | x 50,00 € | 250,00 € |
| Dª ROSA Mª ABUIN RODRIGUEZ | 1 | x 150,00 € | 1 | x 125,00 € | 2 | x 50,00 € | 375,00 € |
| D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO | 1 | x 150,00 € | 1 | x 125,00 € | 1 | x 50,00 € | 325,00 € |
| TOTAL | | | | | | | 7000,00 € |

PRP2024/4040

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 30 de setembro de 2024, coa seguinte desagregación:

| GRUPO MUNICIPAL | Número concelleiros | Comp. Fijo € | Compoñente variable € | Total Mes xullo |
|---------------------------|---------------------|--------------|-------------------------|-----------------|
| PARTIDO POPULAR G36573152 | 9 | 350,00 | 300,00 x 9 = 2.700,00 € | 3.050,00 € |
| PSdeG-PSOE G36573277 | 9 | 350,00 | 300,00 x 9 = 2.700,00 € | 3.050,00 € |
| BNG V36594372 | 2 | 350,00 | 300,00 x 2 = 600,00 € | 950,00 € |
| ESQUERDA UNIDA V94192663 | 1 | 350,00 | 300,00 x 1 = 300,00 € | 650,00 € |
| TOTAL | 7.700,00 € | | | |

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2024/4086

Dende o Nadal 2020, a Concellería de Promoción económica veu organizando un Mercadiño de Nadal. Para o Nadal de 2024, a Concellería de Promoción Económica tenta continuar con esta iniciativa

O núcleo da Aldea de Nadal situarase na Praza Independencia, complementando e combinando as tradicionais casetas de venda, cunha casa de Papá Noel (para o que se utilizará unha Pérgola de madeira, propiedade do Concello, decorada a tal efecto) e unha carpa para realización nun espazo cuberto, de talleres e actividades interxeneracionais para as persoas que visiten a aldea. A “Aldea de Nadal” permanecerá instalada e as Casetas abertas para a venda, entre os días: 20 de decembro de 2024 e 4 de xaneiro de 2025 inclusive.

O inicio da desmontaxe dos elementos da Aldea de Nadal prevese que comece a partir do Martes 7 de xaneiro de 2025

O obxecto do contrato, como se indicou, é a instalación na Praza da Independencia dunha “Aldea de Nadal”.

Para a realización da actuación indicada, faise preciso formalizar as contratacóns seguintes:

SERVIZO DE SEGURIDADE PARA A VIXIANZA DAS INSTALACIÓNNS durante o tempo de desenvolvemento do Mercado de Nadal, especialmente nas horas nocturnas en que o mesmo permanece pechado. Solicitado orzamento a unha empresa local “SASEGUR S.L.” CIF B78976263 o mesmo ascende a 4.602,15 € IVE engadido, coas especificacións de servizo que constan no mesmo.

ADQUISICIÓN DOS ELEMENTOS NECESARIOS PARA A AMBIENTACIÓN E DECORACIÓN DA ALDEA DE NADAL. Solicitado orzamento a empresa O Piñeiro Garden & Home SL (CIF B36213460) para adquisición de diversos elementos ornamentais para a contorna da “Aldea de Nadal 2024”, a empresa presenta o orzamento por contía de 6.113,65 Euros IVE engadido

PLANIFICACIÓN, PRE-PRODUCCIÓN DO ESPAZOS E DO EVENTO. Solicitado orzamento a NELSON QUINTEIRO NIF 78734451T o mesmo ascende a 17.787,00 € IVE engadido.

MONTAXE E DESMONTAXE CARPA. Para a instalación da carpa para as actividades, é preciso contratar persoal formado para montaxe de estruturas. Solicitado orzamento á empresa REVCOM ENERGIAS RENOVABLES SL B70045497 , presenta o mesmo por contía de 1.542,75 Euros IVE engadido

ELEMENTOS FUNXIBLES e material necesario para o acabado, iluminación interior, tornillería, seguro, madeira, area, limpeza atrezzo Papá Noel e personaxes de Nadal etc... Tendo en conta que á data de formulación da presente proposta descoñécense as necesidades e importes exactos destes materiais, estímase o seu custo nun máximo de 8.000,00 Euros IVE engadido.

O orzamento total estímase en 38.045,55 € IVE engadido, que se especifican:

| RAZÓN SOCIAL | CIF | CONCEPTO | PARTIDA | IMPORTE |
|----------------------------|------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|------------------------------------------------------|
| SASEGUR SL | B 78976263 | Servizo de Seguridade. | 431122799 | 4.602,15 € IVE engadido con cargo ao exerc. 2025 |
| O Piñeiro Garden & Home SL | B 36213460 | Subministro elementos naturais para ambientación | 431122610 | 6.113,65 € IVE engadido con cargo ao exerc. 2024 |
| NELSON QUINTEIRO | 78734451T | Planificación e Preproducción do evento | 431122610 | 17.787,00 € IVE engadido con cargo ao orzamento 2024 |
| | | Montaxe carpa | | 1.000 € IVE engadido con cargo ao exerc. 2024 |
| | | Desmontaxe carpa | | 542,75 € IVE engadido con cargo ao exerc. 2025 |
| ----- | ----- | Outro material funxible: Elementos Deco. interior, Expositores, Madeira, Tornillería, Cable, Arena... | 431122610 | 8.000,00 € IVE engadido con cargo ao exerc. 2024 |

| | | |
|---------------------------------|--|---------------------------|
| T O T A L (imputable a 2024) | | 32.900,65€ IVE engadido |
| T O T A L (imputable a 2025) | | 5.144,90 € IVE engadido |
| TOTAL CUSTO ACTIVIDADE | | 38.045,55 € IVE engadido) |

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do gasto, relativo á MONTAXE, AMBIENTACIÓN E DOTACIÓN DE SEGURIDADE PARA A “ALDEA DE NADAL” DO CONCELLO DE VILAGARCÍA 2024, por importe de 38.045,55€ con cargo ás partidas indicadas.

PRP2024/4084

A Concellería de Promoción Económica porá en marcha unha nova edición da iniciativa de dinamización comercial e fomento do consumo no comercio local, BONOS SON DA CASA do ano 2024, consistente na emisión de bonos para o consumo nos negocios, establecementos comerciais e hostaleiros da cidade, contando co compromiso e colaboración de toda a cidadanía para a revitalización da actividade económica local.

Poranxe á venda 3.750 paquetes de bonos por valor de 30€ c/u (10€+10€+5€+5€) dos que o usuario pagará 20€ e os outros 10€ correrán a cargo do Concello ($3.750 \times 10 = 37.500\text{€}$).

O Concello de Vilagarcía aportará 37.500€ mediante a transferencia á conta bancaria (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da Asociación de Comerciantes Zona Aberta, logo da sinatura dun convenio de colaboración entradas as dúas entidades, dos cales 22.500 € imputaranse ao exercicio 2024 e 15.000 €, ao exercicio 2025.

Nesta ocasión, a adquisición dos bonos de compra no pequeno comercio, farase mediante o uso da ferramenta de ticketing dixital municipal, adquirida polo concello coa cofinanciación do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, a través da “LINEA DE AYUDAS PARA EL APOYO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIALES, COMERCIO NO SEDENTARIO Y CANALES DE COMERCIALIZACIÓN” EN EL MARCO DE LA ORDEN ICT/949/2021. EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA.

Igualmente, a atención aos cidadáns e aos establecementos comerciais, para o uso da ferramenta de ticketing dixital, farase a través de SERVIZO DE ASISTENCIA PERSONALIZADA PARA LA ACCESIBILIDAD DIGITAL, igualmente COFINANCIADO, DENTRO DA MESMA ORDE DE AXUDAS “LINEA DE AYUDAS PARA EL APOYO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIALES, COMERCIO NO SEDENTARIO Y CANALES DE COMERCIALIZACIÓN” EN EL MARCO DE LA ORDEN ICT/949/2021. EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA”.

Para gastos de publicidade, difusión da campaña e material gráfico da campaña de dinamización comercial estimase necesaria a cantidad de 2.500€ IVE incluído.

O custo TOTAL da presente edición ascendería a 40.000 €

A transferencia dos fondos, tal como recolle o convenio que se asinará entre as partes, levarase a cabo nos prazos e porcentaxes que se indican:

1º PAGO: Logo da aprobación da sinatura do convenio pola XGL, á posta en marcha da iniciativa, procederase á transferencia de 22.500,00€, equivalentes ao 60% da cantidad total correspondente ao Concello.

2º PAGO: Xustificada pola Asociación de Comerciantes a transferencia aos establecementos adheridos da cantidad antedita, procederase a transferir por parte do Concello, a cantidad de 15.000,00€, equivalente ao 40% restante da aportación municipal.

O prazo para gastar os bonos desta edición, será dende o 1 de decembro de 2024 ata o 6 de xaneiro de 2025 ambos inclusive.

A solicitude de participación presentarase a través da Sede electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal) e a presentación de solicitude de adhesión implicará a aceptación e compromiso de cumprimento das bases reguladoras da iniciativa, cuxa aprobación pola XGL, se solicita igualmente a través da presente proposta.

Co fin de levar a cabo a xestión da presente iniciativa e non contando o Concello cos medios materiais e humanos suficientes para o seu desenvolvemento, proponse a sinatura dun

CONVENIO DE COLABORACIÓN coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, nos termos que se conteñen no borrador de convenio que se acompaña á presente proposta.

O Concello de Vilagarcía é beneficiario dunha axuda no marco da Orde ICT/949/2021 de 10 de setembro, modificada pola orde ICT/565/2023 de 15 de xuño, no marco da convocatoria de liñas de axuda de apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtos de comercialización entre cuxas categorías de gasto inclúense gastos relativos a dinamización comercial, transformación dixital, posta en marcha de campañas de comunicación online para a praza de abastos e comercio local, etc.

A iniciativa BONOS SON DA CASA 2024, ten como finalidade é a dinamización e fomento do consumo nos establecementos comerciais de Vilagarcía; para a súa difusión levarase a cabo unha campaña de visibilización e comunicación online do comercio local e, para a adquisición e consumo dos bonos, será preciso utilizar a ferramenta de ticketing dixital municipal e, como se indicou, a asistencia personalizada a cidadáns e establecementos para a accesibilidade dixital e uso da ferramenta, levarase a cabo mediante un servizo igualmente cofinanciado pola liña de axudas indicada.

Vista a propostada Concellería de Promoción económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o desenvolvemento da iniciativa BONOS SON DA CASA do ano 2023 polo importe total de 47.334,75€, segundo a seguinte desagregacion:

| CONCEPTO | Exercicio 2024 | Exercicio 2025 |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------|----------------------|
| APORTACIÓN MUNICIPAL (3.750 PACKS DE BONOS) | 22.500 € | 15.000 € |
| MATERIAL PUBLICITARIO E FOTOGRÁFICO (Estimación sobre a base do custo do material publicitario da campaña anterior) | 2.500 € INCLUIDO (estimados) | IVE |
| TOTALES | 25.000 € | 15.000 € INCLUIDO |

2.- Aprobar as bases da convocatoria BONOS SON DA CASA.

3.- Aprobar o Convenio asinado coa Asociación Zona Aberta nos termos que constan na copia que se acompaña.

4.- Autorizar a transferencia á conta bancaria habilitada para a xestión dos bonos, da cantidade de 22.500 €, correspondentes ao primeiro dos prazos establecidos na base Sexta do convenio de Colaboración.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/4063

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Carlos Galbán Zaragoza para o subministro de material instrumental e adquisición de libros, partituras e material funxible para o Conservatorio Profesional de Música para o curso académico 2024-2025, por un importe total de 9.555,81 € (IVE incluído) con cargo á partida 3261.633.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4049

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Servicios Técnicos Integrados do Noroeste, SL, para

a renovación en 12 equipos portátiles do antivirus ESET HOME Security Essential, con número de licenza FUN – ONREG4188206EHE do que é titular este centro, por un importe total de 106,89 € (IVE incluído) con cargo á partida 3261.22706.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4016

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por González Hogar y Moda S.L. con CIF B3625232 para substitución e reparación das cortinas venecianas do Conservatorio Profesional de Música que se atopan estragadas polo paso dos anos por un importe total de 4.477,00 € (IVE incluído) con cargo á partida 3261.63500.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4150

O Arquivo Municipal recibiu a solicitude dun estudante para facer prácticas no Departamento nos primeiros meses do ano 2025.

Para levar a cabo esta cuestión faise necesario a firma previa dun documento de adhesión ó Convenio de Colaboración Educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a realización de prácticas académicas.

A adhesión ó Convenio ampliaría a posibilidade de facer prácticas noutros Departamentos do Concello, non só no Arquivo Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a firma da adhesión ó Convenio de Colaboración Educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a realización de prácticas académicas do alumnado nos Servizos e Departamentos Municipais de Servizos Sociais, Promoción Económica, Muller, Alcaldía, SPAD, Secretaría, Intervención, Recursos Humanos, Biblioteca Municipal, Informática.

MERCADOS

PRP2024/4161

Dáse conta do escrito presentado por Dona Raquel Mulet Bravo solicitando a baixa do posto nº 76 da Praza do Peixe da Praza de Abastos, por renuncia, a petición propia, coa data de 23 de outubro de 2024.

Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co artigo 23.1), d) do Regulamento das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a baixa da concesión do posto nº 76 da Praza do Peixe da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, a todos os efectos, con data 31 de outubro de 2024.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2024/4093

A Concellería de Xuventude organiza UN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DE NADAL CUN ESPECTÁCULO DE TEATRO DE TÍTERES FAMILIAR nas parroquias de Vilagarcía e que consistirá no desenvolvemento dun espectáculo de teatro de títeres dirixido ao público familiar co obxectivo de contribuir a achegar as artes escénicas aos nenos/as de varias parroquias de Vilagarcía e ofrecer, ao mesmo tempo, un espectáculo cultural de primer nivel no tempo de vacacións de nadal que implique, así mesmo a interacción co público asistente e sobre todo que

favoreza a creación dun espazo de convivencia e encontro interxeneracional para fomentar a relación e intercambio de experiencias entre os más pequenos/as e os seus familiares (avós/avoas) más maiores .

Por outro lado, con esta iniciativa preténdese contribuir a incrementar a oferta cultural e de lecer e fomentar o hábito lector entre os/as más pequenos/as, no tempo das vacacións de nadal, en todo o concello.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado D. Esteban Acuña Lagos (Tarabelos), para o desenvolvemento do citado programa, por un importe total de 4.620,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22624.

O programa e espectáculo DE TÍTERES: Vilagarcía, Nadal de libro: "Un NADAL CHEO DE Contos" consistirá no desenvolvemento de diversos contos, a través de narración oral con soporte ilustrada con títeres de mesa e variña baseados na obra "Can nadal" de Charles Dickens.

O Cronograma de actuación: Vilagarcía, nadal de libro "un Nadal Cheo de Contos" representarase nas seguintes parroquias e lugares de Vilagarcía e nas seguintes datas e horarios:

| | | | |
|---------------------|----|-----------------------------------------------|----------------------------------------------------------|
| DOMINGO DECEMBRO | 1 | 1.CENTRO SOCIOCULTURAL: A LAXE. 12:00 H | 2.CENTRO SOCIOCULTURAL VILAXOÁN: 18:30 H |
| VENRES DECEMBRO | 6 | 3.CENTRO SOCIOCULTURAL: SOLOBEIRA: 12:00 H | 4. CENTRO SOCIOCULTURAL CEA: 18:30 H |
| SÁBADO DECEMBRO | 7 | 5.CENTRO SOCIOCULTURAL: GUILLÁN: 12:00 H | 6.CENTRO SOCIOCULTURAL RUBIANS: 18:30 H |
| DOMINGO DECEMBRO | 8 | 7. BIBLIOTECA VILAGARCÍA: 12:00 H | 8.CENTRO SOCIOCULTURAL OS BORRIZOS CORNAZO. 18:30 H |
| VENRES DECEMBRO | 13 | 9.CENTRO SOCIOCULTURAL: SOBRADELO: 18:30 H | |
| SÁBADO DECEMBRO | 14 | 10.CENTRO SOCIOCULTURAL: SAN ROQUE: 12:00 H | 11.CENTRO SOCIOCULTURAL. TRABANCA BADIÑA. 18:30 H |
| VENRES DECEMBRO | 20 | 12.CENTRO SOCIOCULTURAL: O PIÑEIRIÑO: 18:30 H | |
| SABADO DECEMBRO | 21 | 13.CENTRO SOCIOCULTURAL: BAMIO 12:00 H | 14. CENTRO SOCIOCULTURAL "O Gato Negro" CARRIL: 18.30 H. |

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2024/4116

Vista a proposta do Servizo Municipal de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BAYGAR SL por un importe de 5.892,70 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.61900, para o subministro de panel informativo e distintos elementos de circuito canino para instalación do Parque Canino do Piñeiriño.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4117

Dáse conta de Proposta do Servizo Municipal de Praias en relación co subministro de diferentes elementos para execución de actividades deportivas tales como fútbol, voleibol e balonmán praia co obxectivo é o fomento e desenvolvemento dos citados deportes dándolle un uso engadido ao espazo da praia.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Medulio Servicios y Obras SL, por importe de 12.343,44 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.61900, que recolle o subministro de 2 Porterías de fútbol praia, 2 porterías fútbol praia fixas, 2 base traseira porterías fútbol praia, sistema de anclaxe porterías fútbol praia, 2 redes fútbol praia; postes traseiros porterías fútbol praia; set de cinta delimitadora do campo ; 3 postes voleibol praia, 3 anclaxe voleibol praia, rede voleibol praia , set cinta delimitadora do campo voleibol praia; 1 portería balonmán praia, rede de balonmán praia , set de cinta delimitadora campo de balonmán praia; inclúe o transporte.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está disponible na web municipal.

PRP2024/4120

Dáse conta de proposta do Servizo de Parques e Xardíns en relación coa necesidade de restauración , reparación e substitución de pezas dos elementos de xogo infantil existentes no parque infantil “La Gaviota” por desgaste e inseguridade debido o uso e condicións climáticas co fin de prever calquera accidente na poboación infantil.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por NATURGALIA SL, por un importe total de 17.012,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.61900, que inclúe os traballos de restauración , desmontaxe, traslado ao taller e cambio de pezas deterioradas, lixado e pintado e a súa nova instalación de cada elemento de xogo infantil (Columpio , tobogán , torres, balancín, casaña de xogos.....) ademáis de substitución de lamas de madeira en cor da varanda de 64ml. existente no perímetro do parque coa recuperación da estrutura metálica , lixado e pintado da mesma.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está disponible na web municipal.

TURISMO

PRP2024/4070

Vista a proposta da Concellería de Tuismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa do convenio asinado entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que a Deputación financia, cunha achega de 8.000 € os gastos derivados da celebración do concerto gratuíto de ANNI B. SWEET, no Parque de A Xunqueira, o día 18 de agosto, dentro das actividades das Festas de San Roque 2024.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa, facendo constar que:

1.- O concerto foi celebrado o día 18 de agosto, como estaba previsto e xa figuraba no convenio, con gran aceptación por parte do público, coma foi recollido nos medios de comunicación con edición local.

2.- Respecto da difusión do financiamento obtido pola Deputación, o anagrama desa entidade figura no programa das festas, no cartel e nas insercións publicitarias nos medios de comunicación escritos.

3.- Os gastos xerados foron os seguintes:

| PROVEDOR | Nº FRA | CONCEPTO | IMPORTE | DATA DE PAGO |
|-----------------------------------------------------|----------|---------------------------|------------|--------------|
| NEW LIVE PROMOCIONES CULTURALES S.L., CIF B94136066 | 044 2024 | CONCERTO DE ANNI B. SWEET | 17.545,00€ | 20/08/2024 |

PRP2024/4071

Logo da sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, o Concello de Vilagarcía de Arousa e Abanca Corporación Bancaria SA, para a celebración das Festas de San Roque 2024, polo que a Axencia de Turismo de Galicia financia as Festas de San Roque cunha achega de 25.000 € e ABANCA, con 5.000€, , e vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte memoria xustificativa, facendo constar o seguinte:

1º Cumpríuse a finalidade da subvención xa que as festas de San Roque celebráronse tal e como estaban previstas.

O concerto incluído no convenio foi gratuíto para o público.

A actuación de CAFÉ QUIJANO foi o 17/08/2024.

2º Os distintos conceptos e contás das Festas de San Roque 2024 incluídos no convenio son:

| DATA FACTURA | Nº FACT | DATA DE PAGO | IMPORTE € | NIF | ACREDOR | Texto Explicativo |
|--------------|---------|--------------|-------------|-----------|------------------------------------------------------|---------------------------|
| 19/08/2024 | 32/24 | 23/08/2022 | 42.350,00 € | B24588360 | ARTISTI-K PRODUCCIONES MUSICALES Y CULTURALES S.L.U. | Actuación de CAFÉ QUIJANO |

Dos 42.350,00 € aos que ascenden estas actuacións, 25.000 € foron financiados coa achega da Axencia de Turismo de Galicia e 5.000 € por ABANCA. Os restantes 12.350,00 € resultaron sufragados con fondos propios do presuposto 2024 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2024/4066

A Concellería de Turismo está a traballar na promoción de Vilagarcía como lugar de celebración de eventos deportivos e culturais, feiras de exposición, etc. Eses eventos supoñen por se mesmos un importante impacto económico na cidade pero ademais teñen un gran valor para dar a coñecer Vilagarcía como destino turístico.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión directa dunha subvención, por importe de 5.000 €, a favor da ASOCIACIÓN CULTURA DE BAR, para a celebración da Feira de Viño CASTES 2024, que se celebra en Vilagarcía dende o 6 de novembro de 2024 ata o 26 do mesmo mes. Nesta edición presenta importantes novedades como é o CASTES MUSICAL, de conformidade coa documentación aportada e a sinatura do convenio correspondente, con cargo á partida 432.489.

A ASOCIACIÓN CULTURA DE BAR, representada por José Dieste Navazas, ten xa unha acreditada experiencia na organización deste tipo de eventos.

CULTURA

PRP2024/4092

En X.G.L. en sesión que tuvo lugar o día 25-06-2018, DASE CONTA dos convenios Económico-Cultural entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e as distintas Asociacións que levan a xestión de actividades nos Centro Socio-Culturais Non Municipais e que a continuación se detallan:

| NOME | CIF |
|-----------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| CÍRCULO ARTÍSTICO DEPORTIVO GATO NEGRO DE CARRIL | G36026151 |
| ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL RECREATIVA CONTRA VENTO E MAREA (CENTRO CULTURAL A LAXE) | G36172260 |
| CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO SIXTO | G36016038 |

SEGUNDO: Que en Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 04-03-2024 acordase a prorroga automática para o ano 2024 dos convenios Económico-Cultural entre o Concello de Vilagarcía e as Asociacións que levan a xestión de actividade nos Centro Socio-Culturais:

- Círculo Artístico Deportivo Gato Negro de Carril
- Asociación Sociocultural Recreativa Contra Vento e Marea (Centro Cultural A Laxe)
- En canto ao Centro Cultural Non Municipal de O Sixto (Solobeira), no presente ano non se concede a prorroga automática do Convenio Regulador, de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de abril de 2023, polo que se concedía unha axuda por importe de 12.148,00€, para obras de mellora e adecentamento das instalacións na súa sede, figurando no convenio asinado que o Centro Cultural e Deportivo o Sixto se comprometía a renunciar á axuda económica do Concello durante 2 anualidades (2023-2024)

TERCEIRO: O importe global máximo concedido obxecto dos Convenios establecidos coas distintas asociacións asinantes é de 1.800,00€

CUARTO: Os convenios asinados na cláusula TERCEIRA DURACIÓN establece: “ O presente convenio surtirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2018, e terá unha duración de 1 ano, que se prorrogará anualmente salvo denuncia expresa por calquera das partes”

QUINTO: Segundo o punto anterior, formulase a correspondente denuncia dos Convenios Económico Cultural entre o Concello de Vilagarcía e as distintas Asociacións dos Centros Socio Culturais Non Municipais con efecto a 31 de decembro de 2024.

SEXTO: Asemade, indicar que se redactarán novos convenios económico cultural coas distintas asociacións dos centros socio-culturais non municipais, adaptados a normativa vixente, para o ano 2025, así como un incremento na cantidade máxima a cada unha das asociacións asinantes.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda a denuncia dos distintos convenios económico-cultural entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e as distintas Asociacións dos Centros Socio-Culturais Non Municipais, segundo o establecido no punto TERCEIRO (DURACIÓN DO CONVENIO) con efecto a 31 de decembro de 2024.

PRP2024/4090

Unha vez aprobado o trámite correspondente en X.G.L. de denuncia dos convenios Económico Cultural entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e as distintas asociacións que levan a xestión de actividade nos Centros Socio-Culturais Non Municipais, así como as actualizacións imprescindibles, polo que a Xunta de Goberno Local acordar a aprobación do novo modelo de convenio de colaboración para a xestión dos mesmos a partir do 1 de xaneiro de 2025 e que a continuación se detallan:

- CENTRO SOCIOCULTURAL DE SOLOBEIRA (SIXTO)
- CENTRO SOCIOCULTURAL DE A LAXE
- CENTRO SOCIOCULTURAL DE ZAMAR
- FOGAR DO PESCADOR DE VILAXOÁN
- CENTRO ARTÍSTICO E DEPORTIVO GATO NEGRO DE CARRIL
- CENTRO SOCIOCULTURAL O PIÑEIRO

PRP2024/4052

Vista a solicitude de D. Javier López Valeiro, en representación de INE PRODUCCIÓN SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 8 e 9 de novembro de 2024, durante todo o día, para a celebración do espectáculo "SOMOS CRIMINAIS... E PUNTO (FINAL)", protagonizada por Xosé Touriñán e Carlos Blanco, o día 8 (1 función en horario de 20:30 h) e o día 9 (2 funcións en horario de 18:30 h. e 21:00 h), debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboad, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A: 18,00 €; Zona B: 18,00 €; Zona C: 0 € más gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, deberá previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 2 días, 529,40 €
- Responsable de sala: Día 8: 114,75 €; Día 9: 102,00 €
- Operarios (2): Día 8: 229,50 €; Día 9: 204,00 €
- Persoal de taquilla (2): dous días 204,00 €
- TOTAL: 1.383,65 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2024/4051

Vista a solicitude de D. Juan Tomás Cores Fernández, en representación de Asociación Comisión de Festas San Pedro de Cornazo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividáde na honra da Virxe da O, Patrona de Cornazo, o vindeiro día 14 de decembro de 2024:

- Actuación da Asociación Cultural Lumarada (Grupo de Gaitas) por un importe de 350,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comúnicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obligatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2024/4050

Vista a solicitude de D. Paulino Mouríño Cascallar, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividáde na honra de San Martiño en Sobrán o vindeiro día 11 de novembro de 2024:

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa (Grupo de Gaitas) por un importe de 391,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comúnicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obligatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

